

SARMIENTO E A TOPONIMIA GALEGA

Gonzalo Navaza

Universidade de Vigo / Real Academia Galega

DOI: [10.17075/eiems.2024.005](https://doi.org/10.17075/eiems.2024.005)

Frei Martín Sarmiento, unanimemente recoñecido como o fundador dos estudos de filoloxía galega e adiantado da romanística, é tamén o gran precursor na Península dos estudos de toponomástica con criterio científico. É asemade o primeiro que chamou a atención sobre a riqueza toponímica de Galicia. Aínda que dedicou escritos específicos de diferente extensión á historia e a etimoloxía de topónimos concretos (*Valdeorras* e a ponte da *Cigarrosa*, *Sacardebois*, *Samos*, os nomes do *Miño* e o *Sil*, a *Castela* ourensá, algúns topónimos das vías romanas...), en realidade o seu interese pola toponimia galega está presente en numerosos escritos seus sobre os temas máis variados, e é raro que se ocupe da etimoloxía dun termo galego ou castelán sen facer referencia ás eventuais manifestacións toponímicas. Así sucede cando trata do fitónimo *mesquita*, do zoónimo *zebro*, do viño chamado *de Requián e A Falcoeira*... ou dunha liñaxe á cal atribúe orixe galega (*Camões*, *Magallanes*...). No seguinte resumo do labor de Sarmiento como toponimista atendo principalmente ao seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega*¹, ao *Comento* das 1200 coplas² e á *Obra de 660 pliegos*³.

En Sarmiento o estudo dos nomes xeográficos é inseparable do do resto das voces comúns e doutros aspectos da lingua galega, orientados sempre a unha *défense et illustration* do idioma, probando por medio da etimoloxía e a proximidade ao latín a nobreza do léxico, dos topónimos e das liñaxes familiares, combatendo etimoloxías fantásticas de memorialistas e heraldistas, ridiculizando *el arte del blasón*, visto que «sus profesores comunmente son unos ignorantes embusteros», e «aficionando por este medio a los gallegos al estudio de su lengua» (*OnEm*, preámbulo), pois «el fin principalísimo [...] es despertar a los gallegos del letargo en que han vivido hasta aquí, tocante a su propio idioma». É ben coñecida a dimensión didáctica ou pedagóxica dese propósito: «[A]dvertirles de la tiranía que se ejecuta con su juventud, haciéndoles estudiar el latín por medio de una lengua extraña, que no entienden, y obligándoles a que olviden la que han mamado» (*OnEm* §269).

Fronte ás etimoloxías tradicionais, con frecuencia baseadas na simple paronomasia ou no *sonsonete*, Sarmiento procede con criterios de rigor científico, mediante a comparación con outras linguas, o exame da documentación antiga

¹ Abreviarei a referencia a esa obra como *OnEm* e remitirei ao número de parágrafo (§).

² Abreviarei a referencia a esa obra como *Com.* e remitirei ao número de copla comentada (c.) e ao parágrafo (§).

³ Abreviarei a referencia a esa obra como *660p* e remitirei ao volume e o número de parágrafo (§).

(as fontes clásicas e a epigrafía, os documentos medievais...) e uns principios metodolóxicos apoiados na constancia das alteracións do latín en cada lingua.

Moitas das etimoloxías que propón para os topónimos véñenlle dadas pola propia documentación histórica: «Es mucha la luz que los instrumentos antiguos dan para averiguar las etimologías de los nombres vulgares de los sitios geográficos. La razón es porque los nombres cuanto más antiguos distan menos del original y de su raíz» (*Com.* c. 57, §377).

A regularidade dos cambios no paso do latín ao galego permítelle establecer os axiomas que expón nos *Elementos etimolóxicos de la lengua gallega*, precursores das leis fonéticas da gramática histórica do século XIX. Neles reconece as particularidades das inflexións a *la gallega* e o contexto fónico en que se producen, como cando explica: «*Sô de solo*, perdida la L entre vocales, a la gallega, *soo, sô*» (*Com.* c. 68, §434).

A escolla do galego como obxecto de estudo das súas etimoloxías vulgares facilitoulle sen dúbida a identificación deses axiomas ou leis fonéticas. Como na lingua popular a maior parte das voces son patrimoniais, isto é, sufriron todas as evolucións propias do paso do latín á lingua neolatina, e é reducido o número de cultismos, que non obedecen á mesma evolución, a regularidade das *corrupciones y transmutaciones de las letras* fáiselle máis evidente. Na práctica, non considera os cultismos voces significativas do idioma. O rexeitamento dos cultismos e a atención ao léxico patrimonial, o das voces que designan a realidade natural, constitúen para el un principio metodolóxico. Así o declara en repetidas ocasións: «[P]ara caminar con acierto en investigar el origen de las voces, debe preceder algún conocimiento del origen de las cosas de la historia natural, porque las voces de los mixtos naturales son las primitivas en cualquiera lengua» (660p, II, §3177); «[l]as primitivas voces de un idioma son las que significan algún mixto de la historia natural. De esas se han derivado las demás voces secundarias, que significan otras cosas» (660p, III, §3639).

De aí a súa ironía cando compara a riqueza léxica das linguas galega e portuguesa, ridiculizando a artificiosa amplificación desta ao incorporar «tantas voces, o bárbaras o falsas, o hurtadas o mostrencas, o estropeadas, como Bluteau amontonó en los diez tomos de su *Vocabulario portuguez áulico, anatómico, bélico*, y hasta cincuenta y siete adjetivos exóticos que jamás han sido portugueses» (660p, IV, §5331). «Quítese a Bluteau la infinidad de voces que no son portuguesas,

o que son facultativas extrañas, y se quedará su vocabulario portugués en un esqueleto como el Vocabulario del P. Pereira» (*OnEm* §16).

A identificación dunha sistematicidade das evolucións fonéticas tamén lle permite recoñecer o léxico xenuíno e patrimonial de cada lingua e detectar o de orixe allea. Sirva de exemplo a dúbida que se lle presenta ao tratar o substantivo *pucheiro*. Dada a orixe dos termos galegos *escuitar*, *muito* ou *cuitelo* no latín AUSCULTARE, MULTU e CULTELLU, que dan en castelán *escuchar*, *mucho* e *cuchillo*, e admitido que *pucheiro* e *puchero* son derivados de *puches* ‘papas’, que corresponden ao latín PULTES, declara:

Dudo si la voz *pucheiro*, aunque tan trivial en Galicia, es pura gallega o tomada del castellano; la razón que me hace dudar abrirá camino para discernir la analogía gallega de la castellana en sus corrupciones o transmutaciones de las letras [...] y como no dice el gallego *puiteiro*, que debiera según su analogía, sino *pucheiro* según la analogía castellana, en esto se funda mi razón de dudar. (*Com.* c. 28, §262)

Sarmiento está convencido de que a maior parte do léxico dos idiomas romances é de orixe latina, de xeito que o seu primeiro paso para establecer a etimoloxía dunha voz é comprobar se ten correspondencia en latín e se garda conformidade coas *inflexións* evolutivas propias da lingua:

Siempre que se me propone averiguar el origen de alguna voz, o castellana o gallega, lo primero que hago es averiguar el actual y propio significado vulgar. Si la voz es pura gallega o antigua castellana, entro en la suposición que, por lo común, las más de esas voces tienen su origen en el latín, o en el puro o en el de la Media Edad, o a primera vista o con algún rebozo que haya ocasionado la singular inflexión y analogía del patrio dialecto. (*OnEm* §35)

Deste xeito, anticipase tamén á romanística do século XIX ideando, por máis que non pase dun desiderátum, un dicionario das linguas románicas coma o que había de levar a cabo Meyer-Lübke:

Sábese que las lenguas de Italia, la francesa, la lemosina, castellana, portuguesa y gallega, no son más que dialectos de la latina; y que cada nación de las dichas no hizo más que

torcer las narices a las voces latinas con ésta o con la otra inflexión, según el clima, el labio y los órganos de la loquela. El que penetrase el sistema de estas inflexiones, con sólo saber con extensión la lengua latina entenderá la mayor parte de las voces de todos los dialectos dichos.

Mil veces he deseado que, entre la infinidad de libros, que cada día salen a luz en Europa, saliese uno que fuese Diccionario Harmónico de las voces vulgares con las latinas. Esto es, que debajo de las raíces latinas se colocasen las voces de los dichos dialectos. No todas, sino aquellas que efectivamente son derivadas de la raíz, como de madre. (*OnEm* §90-91)

Outro dos principios etimolóxicos de Sarmiento para o léxico e a toponimia de Galicia é a súa firme convicción de que a ausencia de arabismos é característica singular do galego fronte aos outros romances peninsulares. Está persuadido de que se hai algún arabismo na fala é contaminación recente, pero na toponimia tradicional non pode habelos. Tal convicción forma parte en realidade do seu propósito de defensa e ilustración do galego e adoita acentuala co tratamento burlesco con que se refire a certos trazos lingüísticos da fonética castelá «que huelen a Mahoma», coa chanza sobre as liñaxes nobres portuguesas que non teñen en Galicia o seu *solar* (*tendrán lunar*, bromea) e mais co xeito despectivo con que se refire ao léxico de orixe arábica: «Tiene la lengua gallega tan inveterada su nobleza, y pura, que no se ha emporcado con voces moriscas. Me ha valido mucho esta cierta suposición para tirar en derechura a la lengua latina, y buscar en ella el origen de las voces gallegas» (*OnEm* §26).

Non faltan exemplos en que esa convicción o levou a rexeitar etimoloxías arábicas unanimemente aceptadas, tanto hoxe coma daquela, para determinados termos do léxico peninsular polo simple feito de constatar a súa presenza en galego.

ESTRATOS TOPONÍMICOS

Sarmiento sostén que a maior parte dos nomes xeográficos de Galicia ha de ter orixe tamén no latín, como sucede co léxico tradicional. En xeral desconfía da posibilidade de coñecer cabalmente a toponimia anterior aos romanos, e coida que só na toponimia de orixe latina e posterior se pode camiñar con pé firme:

De todos los nombres de los sitios geográficos de Galicia hay unos antiquísimos y anteriores a los romanos en Galicia. De estos hablaré poco o nada, pues no gusto gastar el tiempo en averiguar lo que ya es inaveriguable. Digo en común, que esos nombres, o serán orientales y primitivos, o serán griegos, o serán célticos. Si se supiese cuáles eran griegos, algo se podría tentar en su etimología. Si se supiese cuáles eran orientales algo se podría conjeturar teniendo a Bochart, y embarrar un poco de papel, si se supiese cuáles eran célticos, en virtud del Diccionario Céltico, que ya hay, también se podría arañar algo. Pero como todos esos nombres de las tres clases dichas no se pueden discernir de fijo, se aumenta la dificultad, para cualquiera de ellos. (*OnEm* §403)

Voy a hablar de los nombres que sucedieron a los tiempos tan remotos. Entro con dos suposiciones: primera, que la mayor parte son latinos, y que la otra restante se debe dividir en nombres suevos y góticos; y porque yo no los sé distinguir entre sí, llamaré en confuso, ya godos, ya suevos. (*OnEm*, §408)

Tres lenguas, por lo menos, y todas distintas, se hablarían en Galicia antes que los romanos introdujesen allí la suya. La antiquísima, la griega y la céltica. Y a eso alude *patriis linguis*. En tiempo de Aníbal no había en Galicia noticia de los romanos ni de su lengua. Creíble es que, por el comercio, en especial del estaño, aunque no fuese vulgar, se entendiese la lengua cartaginesa o púnica, derivada de la fenicia. En eso cualquiera podrá opinar a su modo. (*660p*, IV, §5435)

Malia afirmar no *Onomástico etimológico* que falará «poco o nada» dos nomes dos sitios xeográficos anteriores aos romanos («Eso pide más tiempo para averiguarlo de raíz, y siempre andaríamos por las ramas»), en realidade dedicoulles moita atención, particularmente a aqueles que aparecen mencionados nas fontes clásicas (Plinio, Mela, o itinerario de Antonino, a inscrición de Chaves...). En moitas ocasións identifica o topónimo actual correspondente ao rexistrado nesas fontes, aínda que non poida asignarlle unha etimoloxía nin adscribilo a unha familia ou estrato lingüístico. Non dubida de que no nome de *Valdeorras* (e el engade o da ponte chamada da *Cigarrosa*) sobrevive o do pobo dos gigurros, do mesmo xeito que en *Trives* o dos tiburros; afirma que *Farum Brigantium* é o faro da Coruña (coa advertencia de que é erro identificalo con Betanzos, aínda que non rexeita para este unha etimoloxía semellante á de *Brigantium*) e sinala a relación dese nome cos acabados en *-briga* doutras poboacións da Gallaecia mencionadas nos clásicos como *Nemetobriga* e *Volobriga* (que para el corresponderían aos

actuais *Mendoia* e *Viana do Bolo*), que considera celtas; reconece que os nomes de Ons, Cortegada ou Tambre son os que constan nos textos como *Aunios*, *Corticata* e *Támaris*; defende a idea que o río Sil é o verdadeiro *Minus* dos clásicos; sitúa en Galicia as *Casitérides*, que identifica coas illas Cíes, Ons e Sálvora, etc.

Entre os topónimos que denomina *antiquísimos* inclúe os *orientais e primitivos*. Entre estes estarían os fenicios, aos cales cre poder atribuír, por exemplo, o nome da illa de Ons e acaso tamén o das Cíes:

Puse el dicho origen fenicio de *Cicae* únicamente para hacer paso a las islas de Ons, que están muy cerca de las de Bayona. Después de las Cicas, pone Plinio la isla Aunios. Por la analogía gallega hace muchos años que discurrí que la voz *Ons* viene de *Aunios*, o que es la misma voz, verbigracia: *Aunios*, *Onios*, *Ons*. (660p, III, §3619)

Las islas de Ons se llaman de la principal, que es la que Plinio llama *Aunios*. De ahí vino *Onios*, *Ones* y *Ons*. Siendo *aunios* voz desconocida, tropecé en Bochart que *aunac* en árabe significa 'estaño' y *anac* también 'estaño' en lengua oriental y fenicia. Conjeturo, pues, que los fenicios llamaron *Aunac* a la isla de Ons aludiendo al estaño, y que Plinio suavizó la voz *anac* y *aunac* en *aunios*. (660p, I, §830)

Sarmiento é consciente de que afirmacións coma estas non pasan de conxecturas. Propiamente responden, máis ca ao seu método etimolóxico, á súa vontade de dignificar Galicia situando nela as illas Casitérides dos clásicos. Só para as etimoloxías que remontan ao grego e ao latín pode ter certa seguridade, outros estratos son irremediabilmente máis escuros. Ante o nome do río Lérez, que identifica co *Laeron* de Pomponio Mela, declara: «Confieso que ni sé si es voz de la lengua primitiva, si de la céltica, si de la griega, o si de la latina. Si es del tiempo de los primitivos pobladores, mejor es callar que disparatar en su origen. Si es voz céltica casi digo lo mismo» (*Com.* c. 11, §186).

En tanto que dos nomes *antiquísimos* ou da *lingua primitiva* non se pode dicir moito, Sarmiento considera máis segura a contribución dos celtas á toponimia prerromana galega, posto que conta co apoio das fontes clásicas que refiren a presenza de poboación celta na Gallaecia. A toponimia confírmao:

Plinio en la descripción que hace del país de los bergantiños, aunque no hace memoria de esos pueblos, supone que aún había hacia allí entonces pueblos de los celtas contradistintos

de los romanos. Lo mejor es que allí hay el arciprestazgo de Céltegos, y hay el lugar de Céltegos en otras partes. Así se conserva rastro de los pueblos celtas, que se fijaron allí. Los brigantios en Bergantiños. Los némitos o németes en el arcedianato de Nendos, que en latín se llama Nemitos. (*OnEm* §407)

El país de Transtámara, que está sobre el río Tambre, era país de celtas, y allí está hoy el arciprestazgo de Céltegos. En el mismo país está hoy el río, puente y arciprestazgo de Dubra. Los celtas de aquel país ya estaban reconocidos por celtas en tiempo de Plinio. El nombre Dubra es céltico. (*660p*, IV, §5702)

Fóra das fontes clásicas, non dispón de moita información para diferenciar a toponimia atribuíble aos celtas prerromanos e a debida aos suevos e godos altomedievais. A ciencia lingüística non chegara aínda a establecer o pormenor das familias indoeuropeas e Sarmiento advirte coincidencias na *inflexión* da toponimia e o léxico do céltico e do xermánico. De aí que en ocasións considere tamén celtas os suevos e os godos e fale de tres migracións celtas: unha primeira, a dos britanos, que se relacionaría cos topónimos con *briga*; unha segunda, a dos celtas da Galia, incluídos con eles os que segundo as fontes clásicas se estableceran inicialmente en áreas máis meridionais da Península, e unha terceira que sería a dos «celtas suevos» e tras eles os godos, os cales tamén serían medio celtas:

Asentadas las tres transmigraciones de los celtas a Galicia —la de los celtas britanos por mar; la de los celtas galos, con el pegote de los turdetanos, por tierra, de sur a norte; y también por tierra la de los celtas suevos (y a la cual, en tiempo de Leovigildo, se siguió en Galicia la introducción de los godos, que en algún modo eran también celtas)... (*660p*, IV, §5700)

A indiferenciación dos elementos xermánicos e os célticos léva, por exemplo, a considerar herdanza dos primeiros a célebre serie de topónimos en *-bre* (*OnEm* §452), que el mesmo identificou e agrupou por primeira vez e que a filoloxía posterior considerou inequivocamente célticos.

Para os topónimos pertencentes a un estrato xermánico, isto é, suevo ou godo, realmente só ten completa seguridade nos formados a partir dun nome persoal, os cales constituirán unha das clases toponímicas que establece no *Onomástico etimolóxico*. Sérvese ademais dun procedemento comparativo multilingüe que

el denomina *combinatoria etimológica y crítica*, no cal se apoia para afirmar que certos termos característicos do léxico galego como *lobio* ou *laverca* foron traídos por godos ou suevos. Como mostra dese procedemento, reproduce no *Comento* das súas 1200 coplas os diferentes nomes europeos, en latín e grego e outras moitas linguas, que recolle Aldrovando para a ave chamada *laverca* ou *cotovía* en galego. Dun total de corenta e sete nomes, salta á vista a semellanza do nome galego cos que figuran na serie de linguas agrupadas como *dialectos a la gótica*, que hoxe chamariamos xermánicas: *lärka* en sueco, *lærke* en danés, *lerche* en alemán, *lark* en inglés, *leeuwerik* en holándes, etc.

Preséntese esta lista de cuarenta y siete nombres de la cugujada a un niño gallego, que sólo sepa leer; pregúntesele ¿De dónde viene su voz *laverca*? Dirá sin duda que está entre las diez que tienen este rótulo: dialectos de la gótica. Ni ese niño ni yo sabemos gótico. No obstante, yo, por la tal cual lectura, afirmo redondamente que la voz *laverca* la comunicaron a los gallegos los godos o suevos. (*Com.* c. 61, §415)

A atribución de orixes gregas a certa toponimia galega é en Sarmiento herdanza dunha tradición historiográfica que supoñía fantásticas migracións e fundacións de cidades por parte de personaxes da guerra de Troia. Desta sorte, Teucro é o fundador de Pontevedra e Tyde o fundador de Tui (debido a esa crenza, o propio topónimo tivo esa grafía grecizante *Tyde*, fronte ao *Tude* habitual). Parecía probar a verdade desa tradición un etnónimo *Helenes* mencionado entre os pobos prerromanos da Gallaecia e identificado por moitos con Pontevedra. Sarmiento polo regular non cuestiona etimoloxías comunmente aceptadas que outorgan un timbre de nobreza aos lugares galegos que designan, por vincularlos coa tradición clásica grecolatina. Con Tyde e Teucro ou o monte do Pindo, que sería eco do grego, *ilústrase* Galicia co brillo da antiga Grecia, como o fai co brillo de Roma na etimoloxía das Torres de Oeste como TURRES AUGUSTI ou a das illas Sisargas do latín CESARICAS.

Sarmiento non tiña dúbida de que as fontes clásicas tamén corroboraban a presenza dos gregos no noroeste hispano: «Esos griegos, según Estrabón, Justino, Plinio, etc., han sido Teucro y sus compañeros. Esos hicieron asiento en la costa y terreno que está enfrente de la dicha cordillera, que en Plinio se llaman los pueblos helenos y dice de ellos: “Graecorum subolis Omnia”» (660p, I, §827).

Non parece crer moito, pola contra, noutras lendas eruditas que remontaban a fundación de localidades a personaxes bíblicos. Para o nome de Noia, que a lenda atribuíu a Noé, Sarmiento remite a un latín *Novium* (*OnEm* §455).

En suma, Sarmiento cre que a maior parte dos topónimos de Galicia pode explicarse desde o latín, ben porque naceron nesa lingua, ben porque foron postos máis tarde polos galegos na súa propia, que é esencialmente continuación da latina, e estes últimos son os máis fáciles de entender (*OnEm* §409). Ese principio levouno en ocasións a ensaiar unha explicación latina un tanto forzada. Para o topónimo *O Incio*, do cal coñece atestacións medievais como *Onicio*, suxire un étimo latino IGNITIO, relacionado coa minaría, pero sen moita convicción («Pase por sueño el que adivine si acaso Incio vendría del latín *Ignitio*», 660p, III, 3418), quizais porque é consciente de que a forma romance procedería do acusativo IGNITIONEM. Para o nome de Udra (cabo Udra, no Morrazo) cre inicialmente que pode ser unha simple abreviación escrita do *Vedra* de *Pontevedra*, mais rectifica ao ver rexistros con esa forma na documentación medieval de Ermelo:

Así, o la equivocación tiene mucha antigüedad, o la sospecha es falsa, y *Vdra* no será voz cifrada. ¿Y de dónde vendrá *Vdra*? Confieso que no lo sé. No puede ser voz árabe; si es gótica, que tenga paciencia; si es latina, sólo hallo para su origen alguna proporción en el latín *uter, utris*. (*Com.* c. 59, §399-400)

O nome da *Coruña* sería continuación dun COLUMNA motivado polo faro:

En la *Crónica General de España* hay muchas patrañas en orden al Faro de La Coruña. Es fabuloso que Hércules venció a Geryon en el sitio en donde está hoy La Coruña; que le cortó la cabeza y que la echó en los cimientos sobre que mandó edificar la Torre de Hércules; y que por una señora llamada *Cruña* se le dio ese nombre al lugar. *Coruña* es nombre muy posterior derivado de *columna* o *coluna*, nombre bien puesto a la misma torre. (*Com.* c. 57, §385)

Tamén cre motivado polo faro o topónimo *Orzán*: «Orzán es nombre de la Torre de Hércules que está en unos peñascos a la orilla de esa ensenada, como constará de las pruebas. Digo que *Orzàn* trae su origen cierto del latín *turris ardens*» (*Com.* c. 77, §389). E o nome de *Ferrol* respondería tamén á mesma moti-

vación: «[E]s desatino derivarle de *ferrum* como algunos han soñado» (*Com.* c. 57, §388). «Pongo exemplo en el Monte Faro, que está al sur de la boca del Ferrol; y es creíble que en lo alto hubiese un faro o farol y que de *farol* se diría *ferol*, *ferrol*» (660p, II, §3161). Para *senra*, variante de *seara*, suxire relación co verbo SEMINARE (660p, I, §607). Non dubida de que nos nomes de *Ourense* ou do río *Ouro* no *Valadouro* está presente o *aurum* latino (660p, III, §3405). Guiándose pola analogía de *Serponzóns* (Cerponzóns), que le na documentación medieval co nome de *Serpent(i)ones*, cre que os nomes das parroquias chamadas dos *Cobres*, no Morrazo, conteñen tamén un zoónimo, o común *cobra*, do latín COLUBER (*Com.* c. 58, §392-293). Tamén atribúe orixe latina aos diferentes *Cangas*, que el considera fitónimos derivados de *canna* (*Com.* c. 29, §269).

Moitas das etimoloxías latinas para o léxico e a toponimia galegas propostas por Sarmiento continúan admitíndose hoxe como certas. E algunhas das erradas foron comunmente aceptadas e só se discutiron en datas recentes, como a que remontaba *braña* a un étimo latino VERANEA. Mesmo é probable que na definición que se lle dá habitualmente a este termo nos dicionarios de galego ou de castelán como «pastos de verano» interferise a etimoloxía defendida polo sabio bieito. Tamén relacionaba co verán o termo *estibada* ou *estivada* («O viene de *esteva* o mejor de *aestiva*, aludiendo al verano, que es cuando se quema» (*CatVF*, en DdD, s.v.). Nas edicións do *Glossarium* de Ducange (s.v. *stipare*) que puido manexar Sarmiento aínda non figuraba o *Stipare* 3 de edicións posteriores co significado de ‘cercar con estacas’: «Stipare. Stipitibus claudere, munire. Glossar. Lat. Gall. ex Cod. reg. 521: “Stipare, *Clorre de paliz*”».

A ausencia de arabismos, como queda dito, era para Sarmiento unha das características distintivas da lingua galega, e ese principio levouno a buscar explicacións diverxentes para algúns termos comunmente admitidos como de orixe árabe ou andalusí. Para os topónimos galegos *A Mezquita* rexeitou a explicación como ‘oratorio musulmán’ e recorreu para explicalos a un fitónimo *mesquita*, un dos nomes do *Ruscus aculeatus*. Para *atalaia*, declara abertamente que é a súa presenza na toponimia de Galicia o que o leva a rexeitar que teña orixe no árabe e suxire un étimo latino: «[E]stoy en que la voz ‘atalaya’ viene de *ad tutelam*» (660p, III, 3448); «[s]iempre creí que *atalaya* era voz arábiga, pero después que pasé por sitios que en Galicia llaman Atalaya ya comencé a dudar, ya porque la lengua gallega no tiene voces moriscas, y en especial geográficas» (*Com.* c. 57, §381).

CLASIFICACIÓN DOS NOMES XEOGRÁFICOS

Sarmiento expón en reiteradas ocasións a necesidade da recollida de toda a toponimia de Galicia, comezando pola dos núcleos habitados, e dun mapa fidedigno, para o cal expón o xeito de realizalo por partes, seguindo as cuncas dos ríos principais desde o mar cara ao interior, e identifica algunhas alturas significativas desde onde se poden realizar as observacións («Sobre lo más alto del Suído se debe colocar la aguja de marear para formar el mapa por rumbos, como el de El Cebre-ro», 660p, III, §3726). Lamenta non dispoñer para Galicia dun nomenclátor toponímico semellante á *Corographia Portuguesa* de Carvalho. Desta comenta que quen a lea «creerá que lee una descripción de las aldeas de Galicia, tan idénticos son los nombres en Galicia y en Portugal» (660p, IV, §4829).

El mesmo se encargaría, se dispuxese de tempo para facelo, de recoller toda a toponimia galega, que calcula que ascenderá a cen mil topónimos. E pretende clasificalos segundo un criterio que podemos chamar semántico e reducilos a dez ou doce clases.

Haciendo un prudente cálculo, creo que habrá en todo el Reino de Galicia cien mil nombres geográficos separados, aunque no distintos, pues un solo nombre se atribuye a infinitos lugares. Tengo los nombres de todas las pilas de Galicia. Y no contento con esto, procuré recoger en mis caminatas, todos los de los lugaritos de muchas pilas y aldeas por donde transitaba. Y si hubiese estado en el reino más despacio, los hubiera recogido todos, y no me sería difícil distribuirlos en diez o doce clases sin gastar mucho papel. (*OnEm* §398)

As clases que establece son as seguintes:

- I^a. De los nombres de la Historia Natural, exceptuando los de Botánica.
- II^a. De los nombres tomados de vegetables.
- III^a. De los nombres impuestos por la disposición del terreno.
- IV^a. De los nombres puestos por las cercanías a otros objetos.
- V^a. De los nombres que aluden al fundador o poseedor del sitio, si ha sido romano.
- VI^a. De los nombres que aluden al poseedor o fundador, si fue suevo o godó.
- VII^a. De los nombres que aluden al fundador o poseedor, si ha sido gallego posterior.

VIIIª. De los nombres de los sitios marítimos, que aluden a cosa de mar.

IXª. De los nombres que aluden a algún edificio antiguo o moderno.

Xª. De los nombres sueltos, sin atarse a clase.

A estas diez clases se podrán reducir todos los nombres de los sitios geográficos de Galicia, separando a un lado los antiquísimos. Pondré algunos ejemplares para cada clase, y con el origen de cada nombre. (*OnEm* §410)

Aínda que no índice inicial expón esas dez clases, na práctica e no corpo do texto redúcense de xeito considerable, pois agrupa nunha mesma os da terceira e a cuarta e fai o mesmo cos das clases sétima a décima, ademais de modificar algo os contidos da quinta.

CLASE I

A clase primeira (*OnEm* §412-418: nomes «de la Historia Natural, prescindiendo aquí de la botánica») iníciase con máis dun cento de zootopónimos: comeza en *Foilebar* (escribe *Foyllebar*), *Lobeyra* e *Matalobos* e remata cun grupo relativo a animais mariños (*Punta da Balea*, *Ostrás*, *Sardiñeyra*, *Lagostreyras* e *Rayeyros*). Á dereita de cada topónimo dá o nome latino do animal que o motiva (Escorna-boys – *boves*; Falcoeira – *falco*, Buyturón – *vultur*) ou o derivado que constitúe o étimo do topónimo (Pombeyro – *palumbario*), ás veces acompañado do equivalente en castelán («Golpellás, Golpellaes – *vulpecula*, castellano *Golpejares*») ou dun pequeno comentario, como cando engade «la voz niño significa en gallego *nido*, así: *nidus*, *nilo*, *nino*, niño» tras os topónimos *Niño do Corvo* e *Niño de Azor*. A *Foilebar* asígnalle o étimo FOGIUM LUPALE ‘foxo de lobos’, usando para o primeiro elemento a forma *fogium* con que aparece no latín medieval e non o latín clásico *foveum*. Son moi poucos os casos en que non interpreta ben o topónimo ou non dá coa etimoloxía certa. Explica co latín *Mingit bos* o topónimo *Meixaboi* (el pon *Mexaboi*), cuxo primeiro elemento é máis probablemente unha forma do verbo *ameixoar* < AD MANSIONARE ‘recoller o gando’. Inclúe tamén entre os zootopónimos o mencionado *Cobres* (xunto con *Serponzóns*).

Tamén fai constar *Sacardebois*, pero para desmentir que sexa *boves* o seu segundo elemento, pois consideraba ese nome o continuador dun *Sacra Reboira*

deducido da *Reboira Sacrata* da documentación de Montederramo, que antes identificara o padre Yepes como *Ribeira sagrada*, o suposto remoto antecesor da chamada *Ribeira Sacra* actual. *Sacardebois* é propiamente un SICCARIU DE BOVES, no cal o primeiro elemento non deu un resultado esperable en *-eiro* por encontrarse en posición proclítica (SICCARIU- > *Secar-* e non *Sequeiro*, como en *Outar-* e non *Outeiro* en *Outar de Pregos*). Tamén inclúe para rexeitalo como zootopónimo o nome da ponte da *Cigarrosa*, que el supoñía, como Valdeorras, que facía referencia ao pobo prerromano dos gigurros. Deste indica que escribiu un monográfico á parte, igual que sobre o animal *zebro* ou *cebro* que motivou o nome do *Cebreiro*: «Escribí siete pliegos sobre este hermoso animal perdido, que había, se cazaba, se comía en España» (§416).

Entre os derivados de *alveum* relativos á apicultura (de onde *alvariza*, por exemplo) inclúe outros como *Albarellos* e *Albeos*, que parecen ter outra orixe, o primeiro relacionado co adxectivo latino *albus* e o segundo un etnónimo prerromano que aparece como *Albenos* na documentación medieval. En canto aos relativos ao *cervo*, entre eles un colectivo *Cervás* (< CERVALES), recolle algúns como *Cervantes* ou *Cervaña*, que hoxe se teñen por hidrónimos prerromanos.

A continuación dos zootopónimos, e dentro aínda da primeira clase, dá unha serie de hidrotopónimos de orixe latina (§418-419): comeza cos que conteñen derivados de *aqua* (en *Augas Santas* explica o adxectivo *sancta* como «medicinal»), de *calidus*, de *balneum* (á beira de *Baños* pon outros que non gardan relación, como *Baíña*, de orixe controvertida, e tamén *Baliña*, *Baliñas*, propiamente derivados dun feminino *val* < lat. VALLEM), de *fervere* (como *Fervenza*, citado a continuación do sinónimo *Feixa* ou *Freixa*, que explica a partir do verbo *frango* latino) e outros formados a partir de *fonte*, *lacuna*, *burga*..., e remata a serie en *Gurgullón*.

A continuación (§419), inclúe un pequeno grupo de topónimos relacionados coas actividades agrícolas, que comeza con *Samieira* (explicada como SEMINARIA) e remata con *Agro*, *Agra* e *Agrelo*, baixo a etiqueta do latín AGER (§420); xunto a eles, *senra* e *seara*, que relaciona con *Samieira* e o verbo latino *seminare*. Ao verbo *sero*, *serere* ‘sementar’, remite algúns como *Serantes*, que propiamente son prelatinos, e os formados do participio *satum* (*Sada* < SATA ‘sementada’). Tamén identifica co participio SATA os frecuentes *Sá* e *Saa*, e con eles *Saaavedra*, que explica como *Sata Vetera*, cando propiamente conteñen o gótico *sala* ‘construción, edificio’. Remata esta primeira clase cun grupo de orónimos e nomes relativos ás pedras, os das

familias léxicas de *laxe*, *lastra*, *lousa*..., para os cales non ofrece étimo, e as de *lapa* (dá o topónimo *Lapamán*, que remite ao latín *lapis*), *seixo* ou *monte*.

CLASE II

Na clase segunda (*OnEm* §421-430, «De los vegetables para la geografía») ofrece unha longa lista de máis de douscentos fitotopónimos. Dado o seu coñecemento do léxico galego da botánica, este é seguramente o campo en que Sarmiento ten menos dúbidas, e aínda nos poucos casos para os que non pode achegar unha etimoloxía certa, adoita recoñecer a especie vexetal que motiva o topónimo. En moi poucos erra na etimoloxía, como cando toma por fitotopónimos algúns derivados de nomes persoais (*Lourizán* e *Lourenzá*, con *Loureda*, *Lourido* etc., relativos ao loureiro, ou *Macenlle*, con *Maceira* e *Maceda*, derivados de *mazá*). No remate da longa serie engade uns trinta topónimos baixo a etiqueta de «Dudosos» (§429-430), que polos seus sufixos semellan colectivos fitonímicos pero que realmente non o son (*Tremoedo*, *Loeda*, *Silleda*...) ou si o son pero non recoñece o étimo latino (*Eibedo*, que non identifica como correspondente a OLIVETU).

Para Sarmiento o estudo dos fitónimos tiña aplicación práctica na agricultura e na silvicultura:

Son infinitos los lugares de España que han tomado su nombre de la abundancia de este o del otro vegetable que allí nacía. Nótese si en el lugar Aveleda hay hoy avellanos. Si no los hay restitúyanse, pues por ser el terreno para ellos se le dio el nombre de *Avellaneta*, *Aveleda* y en castellano *Avellaneda*. Nótese si en el lugar Erbededo hay hoy madroños, en gallego *érbedos*, del latín *arbutos*, *arbutetum*. Si no los hay, restitúyase ese útil arbusto. Lo mismo digo del lugar Olveira para olivos, mejor *olivedo*, de *olivetum*. (660p, I, §1008)

CLASES III E IV (E IX)

Na clase terceira (*OnEm* §431-438), relativa á disposición do terreo, ofrece unha longa enumeración de topónimos un tanto heteroxénea: comeza polos relativos á orografía, pero tamén inclúe aquí outros moitos que fan referencia a

actividades agrícolas ou construcións humanas, de xeito que no inicio da clase seguinte, que sería a cuarta (no índice denominada «De los nombres puestos por las cercanías a otros objetos», §410, pero no corpo do texto «De los nombres por razón de edificios», §438, coincidindo coa clase IX do índice), declara que moitos dos correspondentes a ela «ya quedan puestos, y así se omite esta clase» (§439). Daquela, os topónimos das clases III e IV e IX serían os que aparecen na III. Entre os relacionados co latín *visu* (*O Viso, Belvís, Boa Vista...*) engade *Vexo* e *Besomaño* (neste ve un VISU MAGNU), que probablemente son prerromanos, e entre os que asigna ao latín *planum* (*Chan, Chaos, Vilachá...*) inclúe *Chaiñ*, que é antropotopónimo. Considera que hai parentesco léxico entre *Bouza* e *Busto* e define este como «pasto de bueyes». Os topónimos desta lista forman series agrupándose por campos semánticos (nunha orde lóxica ou semasiolóxica que Sarmiento adoita reivindicar para o estudo das palabras, fronte á alfabética) e na maior parte deles non dá ningunha indicación da etimoloxía ou da motivación, seguramente por consideralos transparentes ou porque o significado de cada un se deduce do contexto, atendendo aos topónimos que o preceden ou seguen.

CLASE V

A clase quinta (*OnEm* §440-444), que no índice inicial aparecía titulada «De los nombres que aluden al fundador o poseedor del sitio, si ha sido romano», amplía o campo no corpo do texto baixo o título «De poseores romanos y de otros nombres latinos». No inicio dánosenos maioritariamente os derivados dun nome persoal en xenitivo, que se indica a continuación do topónimo (*Constantín* – CONSTANTINI, *Osebe* – EUSEBII, *Chazente* – PLACENTII, *Quintillán* – QUINTILIANI, *Romay* – ROMANI, *Sadornín* – SATURNINI, *Paadín* – PALATINI...), en ocasión algúns máis escuros, esclarecidos polos rexistros medievais, como en *Servoy* – SERVO DEI. A continuación recolle os nomes latinos dalgúns poboacións importantes: *Lugo* (LUCUS AUGUSTI), *Vigo* (VICUS), *Pontevedra* (PONTE VETERA, que identifica co *Helenes* dos clásicos) etc. Con eles, ofrece para *Coruña* o étimo COLUMNA; para *Rábade* o adxectivo RAPIDUS; para *Mondoñedo*, AMYGDALETUM; para *Ourense*, AURIGENSE; para *Magalláns* (o topónimo pontevedrés é *Magaláns*), MAGELANI;

para *Orzán* o mencionado TURRIS ARDENS; para as illas *Sisargas* (el escribe *Cisargas*), «Cesaricas, acaso». A partir de *Augusti* explica o nome das *Torres de Oeste* e tamén *Aroza* (Arousa?), para a cal propón un étimo ARA AGUSTI, quizais por analoxía co *Cesaraugusta* de *Zaragoza*.

Rematada a relación con *Ambía*, hidrónimo prerromano mais que el supón do latín AMBAS VÍAS, inclúe unha nova epígrafe (§444) sobre as formas galegas das advocacións parroquiais, titulada «Santos de Lugares». Nela explica *Bieyto* de BENEDICTUS, *Seoane* a partir de JOHANNES, *Giao* e *Gián* de JULIANUS, *Antoiño* de ANTONINUS, *Fiz* e *Fins* de FÉLIX, *Santa Baya* ou *Vaya*, *Santalla* e *Santaya* de EULALIA, *Comba* de COLUMBA, *Genxo* de GENESIUS..., *Bréyximo* e *Bréyxome* de VERISSIMUS, *Cibrao*, *Cibrán* e *Cidrán* de CYPRIANUS..., etc., e remata a relación con *Lois*, de LUDOVICUS.

CLASE VI

Na clase sexta (§445-454 «lugares suevos o godos») ofrece unha longa lista de topónimos orixinados en nomes persoais de orixe xermánica, os máis deles a partir do xenitivo, segundo o modelo de *Rosende* ou *Recemil*, que explica como procedentes de CASALE RUDESINDI e CASALE RECIMIRI. Vainos agrupando segundo as diferentes terminacións, sen indicar o étimo e mencionando só ocasionalmente o nome persoal que orixinou cada topónimo. Comeza cos acabados en *-ade*, *-alde* (§445), que remiten a xenitivos de nomes persoais en *-atus* e *-aldus* (*Guillade*, *Fraialde*...). Con eles, algúns que en realidade non son xermánicos senón de orixe latinocristiá, como *Andreade* e *Andrade*. A continuación (§446) os correspondentes á declinación *a la gótica* en *-a*, *-anis*, desde *Goián* (*Goyan*) ata *Ramirán*, *Ramiranes*, *Ramirás*. Nesta serie inclúe algún como *Gián*, que xa figuraba na clase anterior entre os haxiotopónimos de orixe latina á beira de *Giao*, ou *Lebozán*, este seguramente porque cre ver nel o primeiro elemento de *Lebosende*, mais que corresponde a un antropónimo latino *Nepotianus*. Sarmiento fai referencia noutras lugares aos topónimos galegos en *án* ou *áns* procedentes de nomes persoais de orixe xermánica. No propio *Onomástico*... escribe máis adiante:

Las terminaciones en -ans, tan comunes en Galicia, vienen por lo común de un genitivo en -anis. *Vimara* o *Guimara* es puro gótico, que significa *felix*. Declínase *Vimara*, *Vimarae* y *Vimaran*, *Vimaranis*, y de ahí *Guimaranes* y *Guimaranis*, lugar y apellido. *Fabila* o *Fafila* se declina también *Fafilan*, *Fafilanis*. De *Fafila* hay en Campos *Villa Fáfila*; de *Fafilan* hay lugar en Galicia *Fafian* y de *Fafilanis* quedó el nombre de la villa y condado de *Fafñanes* y *Fafñans*. Y si en lugar de S hay Z, es genitivo de patronímico *Vimaraniz*, *Fafilaniz*, de *Vimaranus*, *Fafilanus*. (*OnEm* §512)

Completan o parágrafo §446 varios topónimos en -ar, a maioría deles do xenitivo de nomes en -arius ou -arus, como *Gondomar*, *Guillar*, *Baldomar* (*Valdomar* no texto), *Baltar*, *Gontar*, *Golmar* etc. No §447 recolle a serie dos acabados en -sende ou sande: comeza por *Gosende*, topónimo que xerou un apelido da súa propia liñaxe familiar, e remata en *Spasande* [*sic*]. En §448 recolle dúas series, a primeira cos topónimos correspondentes aos xenitivos de nomes rematados en -edus (*Recarey*, *Guimarey*, *Almofrey*, *Asorey*, *Forcarey*...) e a segunda aos de -mirus (*Amil*, *Ansemil*, *Brandomil*, *Guillamil*...). Segue no §449 con varios desta mesma última orixe pero co resultado en -mir (*Casomir*, *Boymir*, *Godemir*... e con eles *Donramiro*) e engade os que resultan do xenitivo dun nome en -ildus (*Guixilde*, *Fagilde*...). Os do §450 proceden do xenitivo de antropónimos cun segundo elemento *mundus*: *Tomonde*, *Aldimonde*, *Ximonde*, *Bermún*, *Estramunde*, *Sismunde*..., e engade varios en -gondo (*Bergondo*, *Abegondo*, *Cullergondo*...), que son de orixe controvertida. Remata en §451 con máis de corenta procedentes de nomes cun segundo elemento *ricus*: *Allariz*, *Alperiz*, *Gomariz*, *Mondriz*, *Toyriz*, *Gomariz*...

En §452 ofrece preto de vinte topónimos en -bre (*Obre*, *Xobre*, *Tiobre*, *Callobre*, *Barallobre*...). Comunmente considerados celtismos hoxe, Sarmiento inclúeos aquí cos nomes suevos ou godos e probablemente é o primeiro que recolle a serie. Mais adiante, en §453, e separados por algúns procedentes de nomes con coñecidos elementos onomásticos xermánicos, como *gund-*, *gunt-*, *-ulfus* (*Gondulfe*, *Guntín*, *Gundín*, *Randulfe*, *Randufe*, *Mañufe*...), dá unha nova serie de cinco: *Lestrove*, *Trove*, *Landrove*, *Tragrove* e *Castrove*. Para este último, no *Comento* das coplas suxire unha orixe alternativa: que responda a un *Castrum Jovis* «o por consagrado a Júpiter o por que Júpiter tenía en la cumbre algún templo» (*Com.* c. 10, §175). Tampouco inclúe cos precedentes o nome do Grove, que

irá na clase seguinte (§456) identificado cun *Orobium Promontorium* das fontes clásicas. Completa a clase sexta unha relación de topónimos variados, algúns procedentes de nomes xermánicos que poderían ir nas series anteriores (*Goldar, Ansemar, Gontán, Vilaosende...*), outros propiamente latinos (*Xendive, Fruíme*), unha pequena serie de topónimos en *-oi* que remiten a nomes persoais en *-one* de distintas orixes (*Landoy, Ricoy, Mondoy, Raxoy, Caroy...*), o apelativo *Groba* e con el *Lobio*, que noutras partes da obra considera voz *gótica pura* (*OnEm* §26), e outros que han de ser prelatinos: *Cambre, Lubre, Nemenzo, Brandeso...* e con eles *Dubra*, que noutros lugares considera un hidrónimo celta.

Como na maior parte dos casos non se detén en dar as etimoloxías, declara que deixa ese traballo para mellor ocasión, cando tamén se ocupará da dos nomes góticos:

No todos llevan el latín correspondiente, ya porque de algunos no le sabré fijar, y de otros, aunque le sé, no me quise parar a escribirlos. De los nombres góticos quise poner los nombres, v.g. *Recesende*, de el genitivo *Recesuindi*. Pero como pienso poner la etimología gótica a muchos, v. g. ¿de donde viene esta voz sueva o gótica *Recesuindus*?, he dejado ese trabajo para mejor ocasión. (§459)

CLASES VII A X

Nun apartado final (§455-458), remata con medio cento de topónimos que propiamente corresponderían ás clases oitava («sitios marítimos», «cosa de mar») e décima do índice.

Porque estas cuatro clases no son tan abundantes, y porque estas que quedan puestas bastan para comprobar mi asumpto, pondré aquí algunos sitios geográficos sueltos. Acaso en otra ocasión tentaré dividir por clases y con método y más extensión los sitios geográficos de Galicia, y averiguaré su latin correspondiente. No quise aquí detenerme en esto por no precipitar el juicio. (§455)

Nesa relación figuran illas (*Sías ou Cías, Ons, Tambo, Cortegada, Aroza [sic]...*, algunhas co nome con que aparecen nos clásicos) e portos de mar. Para a illa

norte das Cíes, coñecida hoxe como de Monteagudo, dá o nome tradicional de *Aguión* e remíteo ao latín AQUILONIS ‘o norte’. Para *Cedeira* dá simplemente o étimo CETARIA, noutros lugares explicado como topónimo relativo á pesca de baleas (660p, II, §2824). Para *Rianxo* dá un étimo latino «RI’ AMPLO», foneticamente anómalo. Identifica *O Grove* co *Orobium promontorium*, como se dixo atrás. Para *Xuvia* cre posible a relación con JOVIS ‘de Xúpiter’, e explica o nome do *Cabo Prioiro* como relativo ao prior de Xuvia e Régoa como continuador do latín REGULA. Considera *Muxía* derivado de MONACHUS, como xa fixera Jerónimo del Hoyo, e usa para o topónimo a grafía restituída *Monxía*. *Ponteceso* e *Pontecesures* explícaos a partir de ACCESUS MARIS e para *Esteiro*, *Viveiro* e *Salnés* dá os étimos AESTUARIUM, VIVARIUM, SALINENSE. O nome do monte *Xiabre* (que hoxe se ten por paralelo de *Seabra/Sanabria*) supono relacionado co apelativo *xabre* e remíteo ao latín SABULUM. Nesta relación inclúe tamén a identificación doutros nomes xeográficos da Gallaecia nos textos clásicos: *Dactonium* corresponde a Monforte, dos *Lemavi* procede o nome de Lemos, *Laeron* é o Lérez, *Tamaris* e *Transtamarica* son o Tambre e Trastámara, etc.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- 660p* = SARMIENTO, Martín (2008-2022): *Obra de 660 pliegos. De historia natural y de todo género de erudición*. [Edición de Henrique Monteagudo]. Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- CatVF* = SARMIENTO, Martín (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. [Edición e estudo de José Luis Pensado]. Salamanca, Ediciones de la Universidad.
- Com.* = SARMIENTO, Martín (1970): «Comento» das 1200 coplas, en José Luis Pensado Tomé (ed.), *Colección de voces y frases gallegas*, Salamanca, Ediciones de la Universidad.
- DdD* = SANTAMARINA, Antón (dir.) (2003-): *Diccionario de diccionarios* (<https://ilg.usc.gal/ddd/index.php>).
- OnEm* = SARMIENTO, Martín (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, 2 vols. [Edición e estudo por J. L. Pensado]. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.